

CONCELLO DE MEIRA  
Praza do Concello s/n  
27240 Meira (LUGO)  
Teléfono: 982 330 102  
Fax: 982 104 090  
Mail: concello.de.meira@eidolocal.es

## ANUNCIO

### Convocatoria para elección de Xuíz de Paz Titular do Concello de Meira.

Recibido escrito da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polo que se oficia a este concello a fin de que inicie novo expediente para eleixir Xuíz de Paz Titular no prazo de tres meses, tal e como establece o artigo 101.4 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo do poder xudicial, efectúase convocatoria pública co fin de que as persoas interesadas poidan presentar a súa solicitude

### CONVOCATORIA

- 1.- **OBXECTO:** Elección de Xuíz de Paz titular do Concello de Meira.
- 2.- **CONDICIÓN LEGAIS QUE DEBEN REUNIR OS SOLICITANTES:**
  - Ser español.
  - Maior de idade.
  - Non estar incurso en algunha das causas de incapacidade que establece o artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.
- 3.- **INCOMPATIBILIDADES:** As causas de incompatibilidade a que se refiren os artigos 389 e seguintes da citada Lei Orgánica do Poder Xudicial, operarán con posterioridade ó nomeamento, mediante opción que efectúen os nomeados. Non constitúen causa de incompatibilidade, a dedicación á docencia ou á investigación xurídica, e o exercicio de actividades profesionais ou mercantís que non impliquen asesoramento xurídico de ningún tipo e que, pola súa natureza, non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estricto cumprimento dos deberes xudiciais.
- 4.- **PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** **Quince días hábiles** que empezarán a computarse a partir do seguinte ó da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- 5.- **DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE COA SOLICITUDE:** A solicitude será facilitada nas Oficinas Municipais, e á mesma achegarase a seguinte documentación:
  - Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do Documento Nacional de Identidade.
  - Certificación médica, expedida pola Xefatura Provincial de Sanidade, acreditativa de non estar impedido física ou psíquicamente para o exercicio da función xudicial.
  - Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980, do 1 de decembro, no seu punto 1.a) referente a "si se encontra inculpado ou procesado".
  - Xustificación dos méritos que, no seu caso, alegue o solicitante.
- 6.- **LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:** No rexistro deste Concello, en días laborales e en horas de oficina (de luns a venres dende as 9:00 ás 14:00 horas ), ou na forma establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- 7.-**PROCEDEMENTO:** transcorrido o prazo para a presentación de solicitudes, o Pleno do Concello procederá á elección de xuíz de paz entre as persoas que o soliciten e reúnan as condicións legalmente establecidas.

ANTONIO DE DIOS ALVAREZ (1 perra 1)  
ALCALDE PRESIDENTE  
Data de S. 09/07/21 17:018  
HASH: 133107df3146374bed129ca23e3e30861



Cod. Verificación: 7MN2L3CYZ7DJKHMUJH9CDSO | Corrección: <http://meira.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.es|Plano 1 a 2

CONCELLO DE MEIRA  
Praza do Concello s/n  
27240 Meira (LUGO)  
Teléfono: 982 330 102  
Fax: 982 104 090  
Mail: concello.de.meira@eidolocal.es

O acordo do Pleno xunto con copia completa do expediente, será remitido á Secretaría de Gobierno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para que pola Sala de Gobierno do TSXG se proceda ao seu nomeamento

Meira, 21 de decembro de 2018  
O alcalde  
Antonio de Dios Álvarez



Cod. Validación: 7MAZLGZCYZ7DJKHNMHJH8CD5D | Corrección: <http://meira.sedelectronica.es/>  
Documento asinado e-ctronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2